




## Gústame ler

Cambio de estación... e de roupa!

As persoas cambiamos de vestuario segundo a estación do ano e algúns animais tamén.

No inverno, cando hai neve, a lebre ártica é branca, e no verán, vólvese parda. Así escóndese mellor dos animais que queren cazala!



## PENSAMOS XUNTOS

1

Por que as persoas cambiamos de roupa segundo a estación do ano?

2

Que cres que lle ocorrería á lebre ártica se non cambiase o pelo segundo a estación?

3



O raposo ártico tamén cambia de aspecto segundo a estación. Para que cres que lle serve?